

MPN/mag

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN
MUNICIPAL, COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA E COHESIÓN SOCIAL DO DÍA
23/07/2021**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
SUPLENTE	D ^a . Olga María García Ballesteros
VOGAIS:	D ^a . Ana María Mejías Sacaluga D. Gorka Gómez Díaz D ^a . Raquel Giráldez Armas D. Manuel González Martínez D. Gregorio Agís Gómez D ^a . Iria Lamas Salgueiro D. José Carlos López Campos D. Jorge Cubela López D. Miguel Domínguez Alfonso D ^a . María Paz Lago Martínez D. Ignacio Maril Pardo D. José Alfonso Marnotes González D. Javier Tourís Romero D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo D ^a . María Ortega Iñarrea, en substitución de D. Uxío Benítez Fernández

Sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e tres de xullo do ano dous mil vinte e un, reúnen-se no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Santos Héctor Rodríguez Díaz. Actúa como secretaria a Xefa do Servizo de Cooperación, D^a. Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión ordinaria celebrada o dezaoito de xuño do ano dous mil vinte e un co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA EXPOSICIÓN “XELA ARIAS. A POESÍA DO RETRATO”

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta do seguinte informe sobre un Convenio de Colaboración tramitado polo Servizo de Cooperación:

“ASUNTO.- INFORME SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN TRAMITADO POLO SERVIZO DE COOPERACIÓN.

Dáse conta á Comisión Informativa de Cooperación do informe sobre a aprobación do convenio de colaboración tramitado desde o Servizo de Cooperación e que se relaciona a continuación.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN		
DENOMINACIÓN	APROBACIÓN	EXPEDIENTE
CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA EXPOSICIÓN “XELA ARIAS. A POESÍA DO RETRATO”	Resolución Presidencial núm. 2021003877 do 30/06/2021	2021026792

O convenio de referencia ten por obxecto establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o desenvolvemento da exposición “Xela Arias. A Poesía do Retrato”, que se desenvolverá no segundo semestre do ano 2021 na cidade de Vigo, no museo municipal VERBUM.

O custe total da actividade ascende a 10.716,97€, IVE incluído, que segundo o previsto na proposta do convenio financiarase na súa totalidade pola Deputación de Pontevedra.

No informe da Intervención provincial de 28/06/2021 sobre o expediente de aprobación deste convenio dispónse que debía ser sometido ao ditame da correspondente comisión informativa.



A última sesión da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social celebrouse o 18/06/2021, e a periodicidade das súas sesións é mensual. Debido á data na que se reuniu a Comisión Informativa e na que emitiu informe a Intervención resultou imposible incluír a aprobación do convenio na última sesión celebrada pola Comisión Informativa no mes de xuño.

A exposición “XELA ARIAS. A POESÍA DO RETRATO” obxecto deste convenio terá lugar no segundo semestre do ano 2021, polo que someter o expediente ao ditame previo da dita Comisión Informativa suporía un retraso na aprobación e sinatura do convenio, que podería dar lugar a que o mesmo entrase en vigor no transcurso do desenvolvemento da actividade obxecto do mesmo.

Exposta a urxencia debidamente motivada dáse conta á Comisión na súa primeira sesión dende a aprobación do convenio.

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica
A xefa do Servizo de Cooperación,
Marina Piñeiro Novo”*

A Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social queda enterada da aprobación do convenio de colaboración referido “ut supra”.

3.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA RECLAMAR APOIO INSTITUCIONAL E ECONÓMICO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A CÁRITAS PARA O NOVO ALBERGUE DE PONTEVEDRA

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte moción con carácter previo a súa elevación ó Pleno:

“O grupo provincial do Partido Popular, e no seu nome o voceiro Jorge Cubela López, ante o pleno da Deputación de Pontevedra presenta para o seu debate e, se procede, aprobación a seguinte

MOCIÓN PARA RECLAMAR APOIO INSTITUCIONAL E ECONÓMICO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A CÁRITAS PARA O NOVO ALBERGUE DE PONTEVEDRA

Este pasado mes de xuño CÁRITAS INTERPARROQUIAL de Pontevedra iniciaba unha campaña para custear as fases dúas e tres do novo Albergue de San Javier, sito na rúa Joaquín Costa da cidade de Pontevedra.



O albergue de San Javier actualmente situado en Monteporreiro, atende a persoas sen fogar e transeúntes, nun baixo con capacidade para 20 persoas. O novo proxecto de Cáritas pretende ampliar as instalacións e unificar servizos, de tal forma que non só se ampliarán de 20 a 26 as prazas, senón que se inclúe un módulo habitacional específico para mulleres.

A intención de Cáritas co devandito proxecto é quintuplicar os Servizos Sociais que desde Cáritas viñan prestando até agora, de tal forma que non se limitará a un Albergue, senón que ademais terá un centro de formación, así como tamén un Punto de Información para Proxecto Home, a ampliación do Centro de Día, co gran servizo que este presta a persoas sen fogar. Por último, contemplan no proxecto 9 habitacións de transición á normalidade para aquelas persoas que necesitan reinsertarse. Un proxecto do todo ambicioso e que suporá un claro fito nos Servizos Sociais de Pontevedra.

Para poder levalo a cabo, Cáritas iniciou unha campaña solidaria de micromecenazgo dirixida á cidadanía para recadar fondos.

Por todo iso, ante o chamamento de CÁRITAS INTERPARROQUIAL pedindo aos cidadáns e ás Institucións de Pontevedra a súa colaboración, este grupo entende que en materia de Servizos Sociais entidades como Cáritas e as Administracións debemos remar xuntos na mesma dirección, colaborando estreitamente na protección das persoas vulnerables. Por tanto, elevamos a Pleno para o seu debate e aprobación a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Deputación de Pontevedra a que apoie institucional e economicamente a Cáritas Interparroquial de Pontevedra na execución do novo Albergue San Javier que se situará na rúa Joaquín Costa, na cidade de Pontevedra.

Pontevedra, 19 de xullo de 2021”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina desfavorablemente a referida moción cos votos en contra dos deputados do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8) e do Grupo Provincial do BNG (2), e os votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA A APROBACIÓN DUN PLAN DIRIXIDO AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA A IMPLANTACIÓN, RENOVACIÓN E MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación



Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte moción con carácter previo a súa elevación ó Pleno:

“O grupo provincial do Partido Popular, e no seu nome o voceiro Jorge Cubela López, ante o pleno da Deputación de Pontevedra presenta para o seu debate e, se procede, aprobación a seguinte

MOCIÓN PARA A APROBACIÓN DUN PLAN DIRIXIDO AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA A IMPLANTACIÓN, RENOVACIÓN E MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible de Nacións Unidas, o obxectivo número 6, é “Garantir a dispoñibilidade de auga e a súa xestión sostible e o saneamento para todos”, é dicir, o acceso a auga limpa e saneamento.

A pandemia da COVID-19 puxo de manifesto a importancia vital do saneamento, a hixiene e un acceso adecuado a auga limpa para previr e conter as enfermidades. A hixiene de mans salva vidas. De acordo coa Organización Mundial da Saúde, o lavado de mans é unha das accións máis efectivas que se poden levar a cabo para reducir a propagación de patóxenos e previr infeccións, incluído o virus da COVID-19.

Numerosas actividades do ser humano xeran residuos (as augas grises das urbes, os praguicidas da agricultura, os xurros da gandería, etc.) que poden filtrarse cara a reservas de auga subterránea como os acuíferos. Cando a auga entra en contacto con estas substancias contáminase, de modo que presenta elementos que poden ser daniños para a túa saúde. Por iso, é esencial impedir a contaminación da auga. De aí a necesidade de que as augas residuais, sexan depuradas antes de ser vertidas, ou que o sistema de abastecemento de auga realice un bo mantemento das súas instalacións ou mida a calidade e desinfección da auga.

Ditas infraestruturas envellecen por falta de investimento na súa renovación e mantemento. Por iso, para aumentar a eficiencia nos servizos de abastecemento e saneamento é necesario un aumento de investimento tanto en mantemento, como na renovación e mellora das infraestruturas existentes. As consecuencias derivadas da falta de investimento e dunha xestión inadecuada das infraestruturas hidráulicas como se expuxo son graves.

A importancia de contar con redes de abastecemento e saneamento que funcionen de forma eficiente é primordial para os cidadáns/ as, xa que a vertedura directa e o tratamento inadecuado das augas residuais xeradas polas actividades humanas, é unha das principais causas de contaminación das augas subterráneas, fluviais e mariñas e da alteración e degradación dos ecosistemas asociados.



Por outra banda, non debemos esquecer que as deputacións provinciais teñen entre as súas competencias a coordinación, entre outros, da prestación de servizos de abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais en municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Por todo isto, dende o Grupo Provincial do PP propónse a adopción do seguinte

ACORDO

Que no próximo expediente modificativo de créditos, destínese unha partida orzamentaria para a aprobación dun plan provincial especial dirixido aos Concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes para a implantación, renovación e mellora das redes de abastecemento e saneamento, que inclúa unha vez finalizada a actuación, a repavimentación total da zona, onde leven cabo as actuacións de mellora, garantindo a accesibilidade e mellorando o seu estado cunha nova pavimentación.

Pontevedra, 19 de xullo de 2021”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina desfavorablemente a referida moción cos votos en contra dos deputados do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8) e do Grupo Provincial do BNG (2), e os votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e dez minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Secretaria da Comisión,
(*documento asinado electronicamente*)
Marina Piñeiro Novo

